



Eles tamén contan: actividades para o fomento da corresponsabilidade nos homes

Bo día,

Pómonos novamente en contacto contigo para falarche das novas actuacións do proxecto DICECO que estamos a levar a cabo dende FADEMUR Galicia.

O noso obxectivo principal é ***promover a igualdade e o empoderamento das mulleres rurais***. E entre as nosas metas figura o fomento da corresponsabilidade para lograr unha distribución equitativa de responsabilidades no fogar entre homes e mulleres.

Con ese obxectivo, durante os próximos meses iremos creando recursos educativos, informativos e ferramentas que axuden aos homes a reaprender sobre corresponsabilidade e aplicala na súa vida diaria.

O primeiro paso en todo proceso de cambio é analizar e reflexionar. Para iso, dámosche acceso a tres ferramentas, dirixidas a analizar a distribución das tarefas e a xestión do tempo na unidade familiar e impulsar un reparto máis xusto e equitativo. A que agardas para consultalas?

MULLERES E HOMES

Quen fai que na casa?



MATERIAIS DICECO

Reconstruímos a masculinidade a través dun curso para o fomento da corresponsabilidade

No mes de agosto abriremos por primeira vez un **curso dirixido a formar aos homes en corresponsabilidade** e novas masculinidades. Unha formación, totalmente gratuíta que terá unha duración de 30 horas e será totalmente online, permitindo a cada persoa seguir o proceso de aprendizaxe de maneira adaptada ao seu ritmo e cun horario flexible.

O curso “Construción da masculinidade” dará comezo o 22 de agosto, pero o alumnado **pode inscribirse en calquera momento** ata o 15 de novembro! A vantaxe desta formación é que se adaptará a axenda de cada persoa.

INSCRICIÓN AO CURSO

No curso desaprenderemos os roles tradicionais que o patriarcado asigna a homes e mulleres e poremos o foco sobre o papel que eles desenvolven no día a día da unidade familiar. Analizaremos e visibilizaremos os efectos que o patriarcado exerce sobre a metade masculina da poboación e promoveremos a reflexión para avanzar cara a unha corresponsabilidade real.

Unha vez máis, agradecemos o teu interese no proxecto e agardamos que as actividades propostas estean a resultarche útiles e interesantes

Quedamos á túa disposición para calquera consulta ou colaboración que considere oportuna.

Para máis información podes [consultar a nosa páxina web](#)

Tamén podes contactar con nós por teléfono ou email:

- 881 95 72 78, 981 94 00 62 ou 881 81 72 56
- galicia@fademur.es

DICECO é un proxecto financiado polo Ministerio de Igualdade a través da Secretaría Xeral de Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, e a participación no mesmo e nas actividades que o integren é completamente gratuíta para as persoas interesadas.

Reciba un agarimoso saúdo!

O equipo de FADEMUR Galicia

AVISO LEGAL: Este mensaje y sus archivos adjuntos van dirigidos exclusivamente a su destinatario, pudiendo contener información confidencial sometida a secreto profesional. No está permitida su comunicación, reproducción o distribución sin la autorización expresa de Fademur-Galicia. Si usted no es el destinatario final, por favor, elimínelo e infórmenos por esta vía.

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidad con lo dispuesto en el Reglamento (UE) 2016/679, de 27 de abril (GDPR), y la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre (LOPDGDD), le informamos de que los datos personales y la dirección de correo electrónico del interesado, se tratarán bajo la responsabilidad de Federación de Asociaciones de Mulleres Rurais de Galicia por un interés legítimo y para el envío de información formativa, y se conservarán mientras ninguna de las partes se oponga a ello. Los datos no se comunicarán a terceros, salvo obligación legal. Le informamos de que puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, portabilidad y supresión de sus datos y los de limitación y oposición a su tratamiento dirigiéndose a C/ Doctor Maceira, nº 13 - Bajo, Santiago de Compostela, provincia de A Coruña. Si considera que el tratamiento no se ajusta a la normativa vigente, podrá presentar una reclamación ante la autoridad de control en www.aepd.es.

LSSI: De acuerdo a lo establecido en la Ley 34/2002 de Servicios de la Sociedad de la Información y Comercio Electrónico (LSSICE), le informamos que este email nos es una comunicación comercial, ya que no tiene ningún tipo de finalidad onerosa y simplemente se trata de darle a conocer e informarle sobre el Plan Corresponsables. No obstante lo anterior, si usted no desea recibir más información en relación a ello, puede darse de baja enviando un correo electrónico a galicia@fademur.es, indicando en el Asunto «BAJA» o «NO ENVIAR».

You've received it because you've subscribed to our newsletter.

[Unsubscribe](#)

